

RESOLUCIÓN do 2 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2019, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. INEGA (DOG N° 16/05/2019)

Obxecto e normativa de aplicación

1. O obxecto de estas bases e apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso racional das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de electricidade mediante paneis solares fotovoltaicos.

Beneficiarios

1. Poderán acceder á condición de beneficiarios das presentes subvencións:
- a) As entidades locais de Galicia e entidades dela dependentes.
 - b) As entidades sen ánimo de lucro.
 - c) **Empresas legalmente constituídas e autónomas.**
 - d) Universidades públicas de Galicia.

Investimentos subvencionables

1. Os paneis solares fotovoltaicos.
2. O acondicionamento da enerxía eléctrica (inversores, convertedores, reguladores, cadros eléctricos, elementos de interconexión, proteccións, cables, equipamentos de medidas etc.), monitorización (sensores, adquisición de datos, comunicación remota etc.) e sistema de acumulación con baterías.
3. O resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento do sistema.

Proxectos que se subvencionan

1. Co obxectivo de garantir o correcto funcionamento das instalación, con carácter xeral, cando sexa de aplicación, cumprírase o Regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT) ou de alta tensión, se for o caso. Por outra banda, establécese un rendemento mínimo do panel fotovoltaico do 5 % para que o proxecto sexa subvencionable.
2. No caso de solicitudes de empresas, as súas agrupacións e asociacións, así como entidades sen ánimo de lucro que realicen actividade económica, a potencia máxima do proxecto será de 100 kWp.
3. O investimento elixible máximo por potencia unitaria (sen IVE) estará limitado polos 1.200 €/kWp.

Contía da axuda

1. A intensidade máxima da axuda, segundo tipo de beneficiario, será a seguinte:

| Beneficiarios | Porcentaxe máxima de axuda |
|--|----------------------------|
| Entidades locais e universidades | 80% |
| Entidades xurídicas sen ánimo de lucro (que non realicen actividade económica) e as comunidades de montes | 80% |
| Empresas, as súas agrupacións e asociacións, así como entidades sen ánimo de lucro que realicen actividade económica. No caso de pequenas empresas , a axuda incrementarase en 20 puntos porcentuais , e no caso de medianas empresas en 10 puntos porcentuais | 25% |

2. A contía máxima da axuda por proxecto para empresas será de 50.000 €. En universidades a contía máxima por proxecto será de 400.000 €, mentres que en entidades locais 25.000 € e entidades sen ánimo de lucro 10.000 €.

3. A contía máxima por beneficiario será de 400.000 €.

4. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo xeral para a presentación de solicitudes **finalizará o 17 de xuño de 2019**